



Aínda que Cotranslations naceu en agosto de 2015, a idea levaba tempo xestándose. Clara e Tania, creadoras do proxecto, coñecerámonos cinco anos antes en Karlstad (Suecia), onde estudamos durante un curso.

Ao rematar a primeira etapa de estudos universitarios, Tania, que é unha gran amante dos videoxogos e a tecnoloxía, optou por realizar un Mestrado en Tradución e Novas Tecnoloxías na Universidad Internacional Menéndez Pelayo.

Clara, pola súa parte, decantouse polo Mestrado en Tradución Literaria e Audiovisual da Universitat Pompeu Fabra para poder combinar parte das súas grandes paixóns: os libros, as series e os documentais.

Cotranslations: a nosa historia

Ambos mestrados duraban dous anos e foi durante ese verán de transición entre o primeiro e o segundo curso cando demos o salto e presentamos Cotranslations. O proxecto centrábase e céntrase nunha idea clara: traducir de forma colaborativa.

Despois de sete anos traballando cóbado con cóbado, podemos afirmar que crear Cotranslations pagou a pena. Tivemos a oportunidade de colaborar con diversos clientes axudándoos a acadar os seus obxectivos e, grazas a iso, aprendemos moito.

Actualmente, os nosos principais campos de traballo son a tradución de márketing e a tradución xurídico-administrativa, xa que son as especialidades nas que se centra a meirande parte de proxectos nos que participamos. Sen embargo, colaboramos con clientes de todo tipo en proxectos de diversa índole e sempre estamos abertas e encantadas de descubrir novos temas.

Durante este tempo de traballo medramos paulatinamente e, aínda que nos segue apaixonando traducir e é o que facemos a maior parte do tempo, agora contamos coa nosa propia rede de colaboradores de confianza para as encomendas nas que o número de palabras ou o prazo fan imposible que só nós as dúas traballemos no proxecto.



tcarril@cotranslations.com
(+34) 626 27 46 84

info@cotranslations.com



cbaorivas@cotranslations.com
(+34) 688 91 35 18

FALAMOS?